

o forno de cal Santo Adrán de Cobres

Planta dun forno de cal modificada dun debuxo de Xaquín Lorenzo "Xocas".

As fontes documentais custodiadas nos arquivos, bibliotecas e demais institucións culturais informan dos aspectos da vida do forno, complementando a memoria da xente que traballou nel ou o coñeceu funcionando. Un exemplo é a construción do forno en terreos de dominio público que se fai pensando na demanda de cal e na oportunidade de empregar a veciñanza da zona. Isto fálanos dun tempo de desemprego e das esperanzas no desenvolvemento da urbanización de Vigo e comarca. Os documentos tamén mostran as vicisitudes do proxecto e as transferencias que coñeceu a súa titularidade.



16/12/1931

Proxecto

Proxecto para a construción do forno de cal de Santo Adrán. Formado por memoria e planos, foi realizado por Rafael Picó Cañeque baixo encargo de Manuel Casaleiro e Alejandro Cerviño. Nas consideracións xerais indícase a necesidade da instalación deste tipo de industria (non hai ningunha na ría de Vigo) debido á proximidade de centros consumidores como Vigo, Redondela, Arcade e O Morrazo.

Os peticionarios do proxecto escollen a localización pola proximidade ao mar e á estrada, que facilita a importación da materia prima e a exportación do produto elaborado. Prevíase a construción dunha explanación para a instalación de dous fornos de calcinación de cal de 75 toneladas, un almacén, unha oficina, un peirao para carga e descarga de mercadorías e un camiño de servizo de unión da explanación coa estrada.

Fonte: Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra




21/06/1932

Acta de sesión supletoria

Na acta, documento de catro follas, solicítase ao concello o permiso para a realización dun camiño de acceso aos fornos nos terreos do monte Travesada, en Santo Adrán de Cobres.

Faise constar que os terreos son de dominio público.

Fonte: Arquivo do Concello de Vilaboa



03/07/1932


Acta de sesión ordinaria

Na acta, un documento de catro follas, recóllese o acordo de conceder o permiso de uso do monte Travesada para industria de cal con carácter gratuito pero coas seguintes condicións:

1. que o camiño que se abra teña carácter público, así como o peirao que se constrúa pero soamente para os efectos de paso do público, sen mercadorías.
2. que non se impida o acceso dos veciños á fonte que está no terreo.
3. que no caso de cesamento da industria, o concello recuperará os dereitos sobre o terreo.
4. que a corporación vería de bo grado que a maioría dos obreiros fose de Vilaboa.

Esta última condición tiña carácter voluntario e pode interpretarse como un xesto para mellorar, mediante o traballo, as difíciles condicións de vida da veciñanza.

Fonte: Arquivo do Concello de Vilaboa





O forno de cal Santo Adrán de Cobres

29/01/1933

Acta de sesión ordinaria

Na acta, de catro follas, salientamos un parágrafo en rogos e preguntas en que se agradece aos propietarios dos fornos en construción de Santo Adrán a preferencia na contratación de obreiros da citada parroquia, facilitándolles traballo, e rogan que continúen “protexendo o obreiro veciño, por ser grande a crise que se deixa sentir ali”.

Fonte: Arquivo do Concello de Vilaboa



09/11/1933

Autorización

Na publicación periódica oficial, dáse publicidade ao documento administrativo en que a Dirección Xeral de Portos, do Ministerio de Obras Públicas, autoriza a Manuel Casaleiro e Alejandro Cerveño para aproveitar terreos na zona marítimo-terrestre da ría de Vigo, para a instalación duns fornos de calcinación, peirao e camiño de servizo. O documento acompáñase de varias prescricións (orzamentos, prazos, obrigas, impostos).

Fonte: Gaceta de Madrid, núm. 313, de 09/11/1933, páx. 956 a 957




25/04/1935

Acta

Acta de recoñecemento final das obras de construción do forno executadas con suxeición ao proxecto aprobado, base para a concesión.

O documento, dunha folla, está asinado en representación da Xefatura de Obras Públicas de Pontevedra, da Dirección da Xunta de Obras do Porto de Vigo e por un dos concesionarios.

Fonte: Archivo General del Puerto de Vigo, Autoridad Portuaria de Vigo. SIG. 3501-18/23



20/09/1936

Asento en Matricula Industrial

Primeiro asento na Matricula Industrial do concello de Vilaboa do ano 1937, que se corresponde coa actividade industrial do ano 1936. Nel aparece o nome do contribuínte “Casaleiro Pereira Manuel”, a localidade “San Adrián”, a tarifa e a actividade “Fábrica de Cal”, ademais dos impostos que pagar. A explotación do forno en mans dos primeiros concesionarios só vai durar do 1936 ao 1938.

Fonte: Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra




14/11/1939

Asento en Matricula Industrial

Na matrícula industrial do ano 1940 (referencia industrial do ano 1939) non consta ningunha actividade relacionada co forno, porén, no asento deste ano aparece “González García Francisco” coas actividades de “Sierra sin fin” e “Construcción de buques”, en “S. Adrián”. Este titular será o novo concesionario do forno de cal a partir do ano 1943.

Fonte: Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra



07/01/1940

Anuncio breve de prensa

“SE VENDE o alquila horno de cal, en San Adrián. Para tratar Manuel Casaleiro (Bueu) o Valentín Franco, Arco de Quirós. Ultramarinos. Vigo”.

Fonte: Hemeroteca Faro de Vigo

